

# Elisa Lamas<sup>1</sup>



Ilustración: VANESSA SOMOZA

*De modo que polo momento e ata novo aviso sinto ter que confesalo: véxome obrigada a elixir ser feminista precisamente porque ninguén me concedeu a oportunidade de escoller ser muller ou non o ser.*

Artigo: Feminista, xornal *La Vanguardia*, 9 de marzo de 1984.

**Nome:** María Elisa Maseda Arango

**Lugar e data de nacemento:** Mondoñedo en 1923

**Lugar e data de falecemento:** Mondoñedo, 27 de maio de 2012

**Dereitos humanos polos que loita:** a igualdade de dereitos entre homes e mulleres.

---

<sup>1</sup>Case toda a información aquí recollida provén de material recompilado por Julio Pollino Tamayo, ao que agradecemos a súa expresa aceptación para o seu uso.

## Biografía

Elisa Lamas é o nome co que asinaba os seus traballos María Elisa Maseda Arango, nada en Mondoñedo en 1923 e falecida en 2012. O nome tamén é un recordo a súa nai María Arango Lamas. O seu pai, Antonio Maseda Bouso, foi un destacado político, xornalista e avogado e un dos fundadores da Irmandade da Fala mindoniense.

Elisa Lamas estuda Dereito na Universidade de Salamanca e, ao licenciarse, casa con Manuel Jiménez de Parga con quen terá tres fillos e catro fillas. Nunca exerceu como avogada porque segundo afirma ela *“empecei a ter fillos e entón atopeime somerxida nesa especie de furado que significan sete embarazos e crianzas”*.

Porén, colaborou en distintas revistas e xornais (*Destino, El Ciervo, La Vanguardia* e *Diario 16*) con artigos sobre o feminismo, o novo rumbo da Igrexa, a democracia e a liberdade, sendo procesada catro veces polo Tribunal de Orde Público, o coñecido por TOP, creado no franquismo para reprimir aquelas accións que se consideraban delitos políticos. Ademais, publicou, en 1986 na editorial Laia, un libro de relatos titulado *Once historias perversas y una ejemplar* onde, apoiándose na ficción, trata de expoñer como a ideoloxía imposta polos homes na sociedade determina a vida das mulleres.

O traballo de Elisa Lamas destaca pola súa defensa da muller partindo dunha posición ideolóxica non moi habitual: era católica e progresista, ademais de facelo nunha época especialmente difícil: na ditadura franquista. Ela o expresaba así: *“O que xa é imposible, ou o debería ser, é ser muller e aceptar sen dar un chío a repugnante misoxinia da Igrexa, da súa xerarquía. Pero vai a ser que non, mulleres crentes, practicantes, que cuestionen de forma pública o retrógrado machismo da relixión cristiá, a Biblia debería ser prohibida como libro que fai apoloxía da violencia de xénero, son unha minoría silenciosa dentro da ditadura fascista de Franco, unha excepción.”*

## Frases

Como mostra do seu pensamento tan fóra de tempo e lugar, e que lle supuxo ser catro veces procesada polos tribunais, vexamos algunha das súas opinións:

*“Como xa foi denunciado noutros países a muller proletaria é dúas veces proletaria, da sociedade e do seu marido”.* Artigo: “Muller e española”, revista *Destino*, 24 de febreiro 1968.

*“Cando adquirirá a muller do noso país unha conciencia clara da súa dignidade como cidadá, como persoa responsable, como suxeito de dereitos e deberes que implican a todos? En 1983? No ano 2000? Ai! Ninguén o sabe”.* Artigo: “Muller 73”, revista *Destino*, 6 de xaneiro de 1973

*“Non é con leis restritivas do divorcio, nin con trabas á separación das parellas mal avindas como se consegue unha sociedade san e na que abunde o amor que comunica”.* Artigo: “A comunicación”, revista *Destino*, 3 de febreiro de 1973.

*“O movemento feminista, tan esperanzador e con tantos logros, desapareceu engulido na contrareforma que seguiu á guerra civil. [...] Adeus a todo o conseguido antes, á equiparación lexislativa co home, ás tarefas públicas...”* Artigo: “Mulleres recuperadas”, revista *Destino*, 21 de abril de 1973.

*“Estou firmemente convencida que o xuízo da Historia será severo coa presente época, e un dos factores que este xuízo terá, sen dúbida, en conta – non o máis importante, pero si un deles – será o menoscabo irracional das nosas paisaxes, nosa atmosfera e noso terreo”.* Artigo: “O panorama turístico”, revista *Destino*, 1 de setembro de 1973

*“A actual lexislación española non é misericordiosa, senón inxusta. Porque ao penalizar o aborto provocado como un delito grave crea de feito dous tipos: o das ricas e o das pobres”.* Artigo: “O aborto e a despenalización”, xornal *La Vanguardia*, 4 de setembro de 1982.